

ANEXO VIII: PLAN DE OBRA

1. PLAN DE OBRA

Redáctase o presente Anexo para dar cumprimento ao Real Decreto Legislativo, do 14 de novembro de 2011. No artigo 123 da citada Lei establécese, facendo referencia ao contido dos proxectos "...deberán comprender, polo menos: e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, no seu caso, do tempo e custo".

2. CRITERIOS XERAIS

Pártese en primeiro lugar dos volumes das diversas unidades de obra a executar que se deducen do Documento nº 4 "Orzamento". Téñense en conta tamén as composicións de equipo de maquinaria que se consideran idóneos para a execución das distintas unidades de obra. De acordo coas características das máquinas que compoñen os citados equipos dedúciéronse uns rendementos ideais en condicións normais de traballo.

Tendo en conta as horas de utilización manual das máquinas que se deducen da publicación do M.Ou.P.T. "Método de cálculo para a obtención de custo de maquinaria en obras de estradas", considérase para cada equipo un determinado nº de días de utilización ao mes. Como consecuencia do anterior, determínase o nº de equipos necesarios de cada tipo para a execución das obras e, paralelamente o tempo en meses que requirirá cada unha das actividades consideradas, o que serve de base para a execución do programa de barras ao longo de 30 días laborais, período que se considerou adecuado e suficiente para a completa realización das obras.

Como se menciona no referido artigo do Real Decreto Legislativo, do 14 de novembro de 2011, o programa das obras é de carácter indicativo, posto que poden existir circunstancias que fagan necesaria a súa modificación nun determinado momento.

A definición das actividades e os recursos para dispoñer xa se describiron ao longo do presente proxecto polo que neste anexo explicárase o Desenvolvemento do Cronograma.

3. PRAZO DE EXECUCIÓN

O Prazo de Execución das obras será de DOUS MESES (2) para a realización do conxunto das obras a partires da data de REPLANTEO. O Prazo de Garantía será de UN ANO a partires da recepción das obras.